



## MÁQUINA DE COSER - PRANCHA- TRANSFER

Dentro das actividades fixadas no proxecto de Polos Creativos os alumnado de centro pudo gozar da experiencia con máquinas de coser, descubrilas, coñecelas e aprender a manexalas.

É unha experiencia nova, posto que algúns non coñeciamos nin sequera como eran e cales eran as súas funcións.

Tras unha primeira impresión de sorpresa pasamos rapidamente ao entusiasmo e de aí ás preguntas: como se usan? que podemos facer con elas? para que serve o pedal? Pronto aprendemos o funcionamento: enfiamos, colocamos a tea no prensatelas e... a coser!

### ACTIVIDADES

Nais e avós de infantil estiveron na aula de polos confeccionando coas **máquinas de coser** os disfraces para o alumnado de infantil.





As 3 aulas de infantil, con motivo do Día da Paz, leron un conto que os fixo pensar moito, **“Por qué?”** de Nikolai Popov ,Este conto fixo cavilar moito ao alumnado sobre conflitos, respecto, pelexas, acordos... e sobre todo os nenos que están vivindo en lugares en guerra....

Poderíamos darlle a volta? Volver á Paz?




“Se os nenos e nenas son capaces de comprender a insensatez da guerra, se se dan conta do fácil que é caer no ciclo da violencia, quizais nun futuro se convirtan en impulsores da Paz”

Nicolai Popov

VIDEO na web do centro:

<https://drive.google.com/file/d/1uHI91ra8uc4gHGhুরুPb5BVfFLBOW5d/view?pli=1>

A partir das súas reflexións fixeron traballos artísticos que transferiron a tea con prancha e papel transfer téxtil. Elaboraron unha exposición na aula de Polos Creativos.








O alumnado de primaria e secundaria tamén probaron esta experiencia que resultou moi positiva. Observaron que hai tecnoloxías máis ala do móbil e ordenadores

O alumnado de Tecnoloxía de 4º de ESO, deseñou e debuxou en libreCAD unha nova versión de “Pelusa” a mascota da biblioteca do CPI de Atios, que irá coas mochilas viaxeiras, cortouna coa cortadora láser, coseuna coa máquina de coser e está a programala coa placa playgroundexpress de adafruit. Introducción aos e-textiles.





Coser para principiantes: <https://www.youtube.com/watch?v=EhAyEw5f52w>



GALERIA DE FOTOS Y VIDEO: <https://photos.app.goo.gl/Q7ocSrvvtPzuhu4U6>